

Miguel Antonio López Pérez

Licenciado en Bioloxía e Premio Extraordinario de Doutoramento en Bioloxía no 2003 pola Universidade de Santiago de Compostela, Miguel A. López Pérez (Ferrol, 1973) é profesor titular do Departamento de Fisioloxía da Facultade de Medicina compostelá e líder do grupo de investigación [NeurObesity](#), adscrito ao Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS). Realizou a súa formación postdoutoral na Universidade de Cambridge (Reino Unido) e despois volveu a España coma investigador Ramón y Cajal.

A súa investigación céntrase no estudo dos mecanismos do hipotálamo que regulan a inxestión de alimentos e o consumo enerxético, con particular interese polo papel do metabolismo Lipídico neuronal e glial. Neste eido, salientan as achegas realizadas sobre o papel da enzima AMPK e do metabolismo Lipídico.

Recibiu financiamento competitivo continuado a escala rexional, nacional e europea (acadou unha cantidade total de máis de 10 M€ coma investigador principal), grazas ao cal obtivo seis proxectos do Plan Nacional, un proxecto de Proba de Concepto, dous da Fundación La Caixa, un proxecto EuroNanoMed, un proxecto Proba de concepto, un proxecto da Asociación Española Contra el Cáncer e unha **ERC Starting Grant**, outorgada no 2011, para o seu proxecto [ObERStress](#). Cun orzamento de case 1,5 M€, o proxecto centrouse no estudo da obesidade e as comorbilidades asociadas, que están acadando unhas proporcións pandémicas. Deste xeito, a proposta baseábase en investigar e comprender os mecanismos fisiopatolóxicos que regulan o balance enerxético. Os resultados obtidos con este proxecto, finalizado no 2017, poderían levar á identificación de novas vías e dianas para o tratamento da obesidade e doutras patoloxías de balance enerxético.

O doutor López Pérez é autor de máis de 285 publicacións en revistas internacionais indexadas, cun número total de nomeamentos superior aos 22.000, e un índice H de 76. É autor de 12 capítulos de Libros, dirixiu 23 teses doutorais e impartiu máis de 150 charlas en congresos e universidades internacionais, senda máis dunha ducia delas conferencias plenarias. É editor sénior ou asociado de varias revistas científicas de prestixio, membro do comité editorial de diversas revistas internacionais e colabora con axencias avaliadoras da actividade investigadora a escala nacional e internacional. Entre os anos 2018 e 2023 foi xestor da Área de Biomedicina da Agencia Estatal de Investigación, do Ministerio de Ciencia e Innovación.

Recibiu numerosos premios polo seu traballo. No 2019, foi galardoado co [Jens Sandahl Christiansen Award](#), da European Society of Endocrinology, que no 2017 xa lle concedera o [European Journal of Endocrinology Prize](#). No 2018, a European Society for Clinical Investigation outorgoulle o [Young Investigator Award for excellence in Basic/Translational Research](#) e a European Thyroid Association, o [Thyroid Journal Lecture Award](#). No 2016 recibiu o [Premio Constantes y Vitales al Joven Talento en Investigación Biomédica](#), dotado con 100 000 €. Foi premiado pola Sociedad Española de Endocrinología y Nutrición tres veces, na modalidade de Premio de Investigación Básica en Obesidad (2006, 2009 e 2011) e a súa traxectoria de investigación en Neuroendocrinoloxía (2012). No 2008 recibiu o [Premio da European Association for the](#)

Study of Obesity ao mellor novo investigador en ciencia básica.